



**INSTRUCCIÓN Nº 1/2016, DO 26 DE AGOSTO DE 2016, SOBRE O
PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO EQUIPO XESTOR DOS GRUPOS DE
DESENVOLVEMENTO RURAL (GDR) NA MEDIDA LEADER DO PDR DE
GALICIA 2014-2020**

O punto 4 do Acordo do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local e para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural (GDR) como entidades colaboradoras na xestión da medida LEADER, no marco do PDR de Galicia 2014-2020, publicado a través da Resolución do 11 de febreiro de 2016 (DOG do 2 de marzo de 2016) faculta á persoa titular da Dirección Xeral de Agader para ditar as instrucións necesarias para a correcta aplicación e cumprimento do citado Acordo.

Entre as condicións de admisibilidade aplicables ás organizacións candidatas a adquirir a condición de GDR, o Acordo citado no parágrafo anterior establece, no apartado 1 da epígrafe III (condicións de admisibilidade aplicables ás organizacións candidatas a adquirir a condición de GDR) as seguintes:

- “Dotarse, ou ben comprometerse a dotarse, dun equipo técnico con formación e capacidade para xestionar a estratexia de desenvolvemento proposta. No procedemento de contratación do persoal garantíranse, en todo caso, os principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade e concorrencia. O equipo técnico, contratado directamente polo GDR, deberá acreditar un nivel de cualificación suficiente para asumir o peso principal da xestión da estratexia de desenvolvemento local. Só puntualmente os GDR poderán contratar asistencia técnicas externas de apoio á xestión, logo de autorización da Agader, respectando, en todo caso, neste proceso de contratación, os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade”.
- “Comprometerse a subscribir un convenio de colaboración coa Agader”.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 4 de agosto de 2016 adoptou, entre outros, o Acordo de autorizar a Agader a sinatura de convenios de colaboración cos GDR para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020, nos que se prevén regras sobre a selección do persoal das entidades que acaden a condición de GDR.

Por outra parte, o informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Medio Rural, emitido o 20 de xuño de 2016 en relación co trámite de aprobación do modelo de convenio de colaboración entre AGADER e os GDR, recomenda que para satisfacer adecuadamente os principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade e concorrencia que deben





aplicarse no procedemento de selección do persoal dos GDR, se complete “por calquera vía de coñecemento factible para os interesados” a regulación do procedemento de selección dos equipos técnicos, en particular no referido ao apartado de méritos.

Polo tanto, tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores e ao abeiro das facultades atribuídas ao director xeral de Agader, dítase a presente instrución, referida ao procedemento de selección do equipo xestor das organizacións candidatas a adquirir a condición de GDR para o período 2014-2020, así como das organizacións que, unha vez sexan seleccionadas por Agader, obteñan a condición de GDR para o citado período.

INSTRUCCIÓN:

- I. O procedemento selectivo do equipo xestor constará das seguintes partes:
 - A) Bloque da proba escrita, cun límite mínimo do 50% da puntuación máxima do proceso selectivo, centrada sobre materias de desenvolvemento rural e do PDR, normativa de subvencións e territorio de actuación do GDR.

A proba escrita, que poderá ser enteiramente en formato tipo “test,” constará necesariamente dun primeiro exercicio neste formato tipo test, de carácter eliminatorio, e deberá supoñer polo menos o 60% do peso da nota que a organización candidata lle outorgue a este bloque da proba escrita.
A hora da proba escrita para calquera dos postos convocados por unha mesma organización candidata a adquirir a condición de GDR ou, no seu caso por un GDR xa seleccionado pola Agader (xerente, técnico, administrativo) non poderá ser coincidente, de xeito que se lles posibilite a todas as persoas interesadas a posibilidade de optar a todos os postos ofertados.
 - B) Bloque da entrevista, cun límite máximo do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo. A fase da entrevista unicamente terá lugar, no caso de que o proceso selectivo a inclúa, para os aspirantes que superen o exame “tipo test” do bloque da proba escrita. A entrevista terá como finalidade principal comprobar a idoneidade dos aspirantes e a capacidade e disposición dos mesmos para o desenvolvemento dos postos e tarefas aos que opten e non deberá cingirse á valoración de coñecementos técnicos, posto que estes deben avaliarse, fundamentalmente, no bloque da proba escrita. Os membros do comité avaliador deixarán constancia nunha acta da puntuación que cada un deles lle outorgue a cada candidato, xunto coas observacións que estimen oportunas e que fundamenten a puntuación outorgada a cada aspirante.
 - C) Bloque de méritos, cun límite máximo do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo. Será factible a inclusión, no apartado de méritos, dos seguintes feitos puntuables:





1) FORMACIÓN:

Unicamente será puntuable, para estes efectos, a formación que se acredite que está impartida por algún organismo público oficial ou por algunha entidade de natureza privada que conte con recoñecemento da Administración para impartir formación, en algunha ou algunhas das seguintes materias:

- Formación específica vinculada ao desenvolvemento rural.

Ademais da formación referida especificamente ao desenvolvemento rural, tamén terá, para estes efectos, esta consideración, a formación agraria (incluíndo neste ámbito a agrícola, gandeira e/ou forestal), a formación en desenvolvemento local, a formación en turismo rural e a formación ambiental/paisaxística e en enerxías renovables.

- Formación específica vinculada a coñecementos económico-financeiros.
- Formación específica vinculada a coñecementos ofimáticos.
- Formación específica vinculada a coñecementos administrativos.

A acreditación de formación no idioma galego, portugués, italiano, inglés, francés e/ou alemán terá a consideración de formación vinculada a coñecementos administrativos.

2) EXPERIENCIA:

Deberá puntuarse necesariamente a experiencia acreditada polo candidato no desempeño do posto ao que se opte (xerente ou máximo responsable da estratexia, técnico, administrativo) en relación coa xestión de programas de desenvolvemento local participativo como LEADER ou de filosofía similar a LEADER, como por exemplo os programas PRODER, AGADER ou os desenvolvidos a través dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP).

Non obstante, será factible outorgar puntuación suplementaria pola acreditación de experiencia na xestión dos programas sinalados no parágrafo anterior e que estea referida exclusivamente a LEADER, ao ámbito do territorio de actuación do GDR ou asociación candidata e/ou ao período de programación inmediatamente anterior (2007-2013).

Unicamente poderán puntuarse meses traballados completos.

II. Subvencionabilidade dos gastos:





Os gastos que poida ocasionar o proceso de selección do persoal e que foran causados antes da notificación do acordo do Consello de Dirección da Agader que resolva o procedemento de selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural (GDR) como entidades colaboradoras, poderán ser imputados á submedida 19.1 (axuda preparatoria).

A *sensu contrario*, os gastos que poida ocasionar o proceso de selección de persoal e que foran causados a partir da data de notificación do acordo á que se fai referencia no parágrafo anterior, poderán ser imputados con cargo á submedida 19.4.A (custes correntes da estratexia de desenvolvemento local).

O director xeral de AGADER
(asinado dixitalmente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

